

**O COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA INSTA A ALCOA A QUE CUMPRE CO PACTADO, QUE FAGA EFECTIVOS OS INVESTIMENTOS E PROCEDA AO REARRANQUE DA FÁBRICA NAS DATAS PREVISTAS**

## **DEBERES DE CARA AO 18F, ABORDAR O RETO DEMOGRÁFICO, REVALORIZAR O RURAL, MODERNIZAR O TECIDO PRODUTIVO, MELLORAR O EMPREGO, INFRAESTRUTURAS MÁIS MODERNAS, ESTIMULAR E RETER TALENTO E POTENCIAR AS ENERXÍAS RENOVABLES**

*O Comité Nacional de UGT-Galicia manifesta que os Orzamentos da Xunta terían que servir para mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas e consolidar a economía*



**Redacción.-** Este xoves reuniuse en Santiago o Comité Nacional de UGT-Galicia, o máximo órgano de dirección do Sindicato entre Congressos, e do que forman parte a Comisión Executiva de UGT-Galicia e unha representación de cada un dos organismos, das tres federacións de nacionalidade e das unións comarcais. Neste Comité analizouse a situación actual e puxéronse enriba da mesa propostas de cara ao futuro, tanto no eido social, como laboral e económico de Galicia.

Neste contexto, na análise da situación sociolaboral, abriuse un debate sobre os Orzamentos da Xunta de 2024 que, para o Comité, deberían ser unhas contas que desen resposta ás profundas dificultades que están padecendo as familias nun contexto cheo de incertezas,

polo panorama internacional, que se suma xa a catro anos moi difíciles para os galegos e galegas, coa pandemia, guerra en Ucraína, suba dos prezos enerxéticos, escalada inflacionista dos alimentos...

Pero, ante esta realidade, UGT-Galicia entende que a Xunta desaproveita o volume máis importante de recursos dos que dispón na súa historia para mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas e para consolidar a economía e o tecido produtivo.

### **UGT-Galicia non comparte a política fiscal regresiva da Xunta**

Volume de ingresos que vén dado, en gran medida, polo sistema de finan-

ciamento, aumentando os ingresos finalistas do Estado en 496 millóns de euros, mentres que nos ingresos da súa competencia o Goberno galego segue apostando polas rebaixas fiscais, deixando así de percibir 686 millóns de euros. UGT-Galicia non comparte estas políticas fiscais regresivas nunha conxuntura como a actual que require recadación para manter o principio de equidade e redistribución co fin de reforzar o gasto social e o investimento.

O Comité cualificou os Orzamentos como moi pouco ambiciosos porque non aproveitan o incremento do PIB para mellorar o modelo produtivo, consolidar o crecemento do emprego de calidade ou recuperar o gasto público destinado ás persoas e a capitalización do país.

*Continúa na páxina seguinte...*

## Crecedemento da débeda

Tamén se fixo unha crítica do crecedemento espectacular da débeda acumulada dende 2008. O recurso á débeda increméntase, así, de 3.954 millóns de euros en 2008 a 12.333 millóns de euros no segundo trimestre do ano 2023, triplicase con respecto a 2008. De representar o 6,7% do PIB no primeiro ano analizado chega ao 16,7% no segundo trimestre do ano 2023.

## O Orzamento non garante a converxencia coa UE en educación e sanidade

Co Orzamento non se vai garantir a converxencia coa UE nin en materia sanitaria nin educativa, con incrementos por debaixo do aumento do 4,6% do total dos orzamentos. Os orzamentos de sanidade aínda non conteñen os recursos necesarios para mellorar a saúde das galegas e os galegos, que seguen padecendo longas listaxes de espera, deficiencias tanto na atención primaria coma na especializada ou directamente ausencia de atención en saúde mental, por citar algún exemplo.

En política social, aínda que aumentan de maneira significativa os recursos con 133 millóns máis, non mellora a atención ás persoas, nin ás dependentes, nin ás perceptoras da RISGA, nin ás de pensións non contributivas, nin ás que se atopan en situación de exclusión social, e as prazas residenciais que entrarán en funcionamento en 2024 son de residencias construídas e doadas por Amancio Ortega á Xunta de Galicia que se entregan á xestión privada concertada. Ata o de agora, oito de cada dez prazas están en mans privadas, mentres que as públicas, un total de 5.163, unicamente representan o 22 % das totais.

UGT-Galicia pon de manifesto que se presentan medidas enganosas como novas, como é o complemento de 1.200 euros para o bono de residencias e a axuda de 5.000 euros para coidado na casa de persoas dependentes.

## Urxen as leis de participación institucional e de negociación colectiva no eido estatal

O Comité tamén puxo de manifesto a urxencia de desenvolver unha Lei de participación institucional que recoñeza o papel central que outorga a Constitución aos interlocutores sociais ante as ameazas da ultradereita naquelas comunidades autónomas nas que entra no

Goberno. Esta Lei tamén debe vir acompañada dunha Lei de negociación colectiva que reforce a liberdade sindical e o dereito á negociación colectiva dos traballadores e traballadoras, e así promover a paz social e a solución autónoma dos conflitos laborais o que, sen dúbida, contribuirá ao desenvolvemento económico e social do país, mediante a mellora da produtividade, a competitividade e a calidade do traballo. Unha lei que protexa e dote de medios suficientes á negociación colectiva como un instrumento fundamental para regular as relacións laborais, na que debería de incluírse a ordenación e financiamento dos plans de igualdade.

## Demandas de cara ao 18F

A cita electoral do vindeiro 18 de febreiro tampouco pasou desapercibida para o Comité que lle puxo deberes ás forzas políticas que concorran ao proceso. O reto demográfico debe ser un dos principais obxectivos porque, de continuar a tendencia actual, a perda poboacional podería ser dun 5%.

Outro dos obxectivos no que se debe traballar como sociedade é na revalorización do rural, converter este espazo nunha alternativa real provista das ferramentas necesarias para que as persoas, as familias, se poidan asentar neste contexto, poidan traballar nel e afrontar no rural e dende o rural o seu proxecto de vida e non como unha prolongación do urbano, senón como un espazo con entidade propia.

Galicia tamén precisa crecer economicamente e mellorar os seus niveis de produtividade, así como os seus indicadores en materia de emprego. O tecido económico galego ten numerosas eivas que precisa corrixir, falta de dimensión, escasa dixitalización e, no laboral, taxas de ocupación e actividade moi diminuídas.

Se ben é certo que a nivel industrial a nosa Comunidade conta con certas potencialidades, o téxtil, a automoción ou o sector agroalimentario, hai que darlle unha volta. Hai que actualizar e reinventar o tradicional pero apostar tamén dun xeito decidido por sectores de alto valor engadido como o tecnolóxico. Chegado este punto, hai que apostar polo agrupamento empresarial, xa que o decorrer da historia demostranos que as grandes empresas resisten mellor as crises que o modelo de microempresas que impera en Galicia. É dicir, a clave está no binomio industria básica e xeración de novas oportunidades.

Para traballar por este reto, cóntase

cunha ferramenta, os fondos europeos, para avanzar cara o cambio de modelo produtivo marcado por actividades de alto valor engadido que avancen na dixitalización e na transición cara unha economía verde sen deixar a ninguén atrás.

Pero todo isto é impensable sen un trazado de infraestruturas moderno, interconectado, similar ao que teñen nos países da nosa contorna, onde se prime o ferrocarril de proximidade e coa extensión do Corredor Atlántico.

En termos máis humanos, na modernización do tecido produtivo galego, xogará un papel clave o capital humano, polo que hai que garantir a súa formación e capacitación profesional. Aquí hai que apostar decididamente pola innovación, estimulando, retendo e captando talento.

Retos todos eles que deben ser abordados baixo o paraugas da sostibilidade. Hai que afrontar o futuro cun modelo de desenvolvemento medioambientalmente sostible e socialmente inclusivo.

Neste senso, Galicia é unha comunidade privilexiada con recursos naturais que lle deberían permitir ser unha potencia enerxética en renovables sostibles medioambientalmente. Pero, para aproveitar esta circunstancia, Galicia debe dotarse dunha implicación pública que dea seguridade xurídica aos proxectos, como no caso do sector eólico, no que a participación pública acaba de dar un paso cara diante. Hai que aproveitar a oportunidade e integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da economía. Pero isto non pode levarse a cabo a calquera prezo, as autorizacións eólicas deben garantir a integración social, o respecto medioambiental e o axetado consenso coa veciñanza.

## Resolución de urxencia para demandar que Alcoa cumpra co asinado e San Cibrao

O Comité Nacional de UGT-Galicia tamén aprobou unha resolución de urxencia, presentada por UGT-FICA-Galicia, na que se denuncia a situación que a multinacional Alcoa está a crear na súa planta de San Cibrao en Lugo coa intención de incumprir o pacto ao que se chegou cos representantes sindicais no ano 2021. O que suporía non facer efectivos os investimentos e non proceder ao rearranque da fábrica nas datas previstas. A isto Alcoa comprometeuse cos sindicatos e coas administracións, polo que o Sindicato insta á multinacional a que cumpra co asinado.

**UGT-GALICIA INSISTE NO POUCO DINAMISMO DO MERCADO LABORAL GALEGO, CUNHA TAXA DE ACTIVIDADE DE TAN SÓ O 53,2%, FRONTE Ó 59% DO RESTO DO ESTADO**

## **HAI AÍNDA MOITA MARXE PARA MELLORAR O EMPREGO**

**Redacción.-** O ano 2023 foi positivo para o emprego pero debemos continuar mellorando as condicións laborais. Hai que combater a temporalidade do sector público, reducir a contratación parcial involuntaria, avanzar na redución da xornada laboral, mellorar as Políticas Activas de Emprego e endurecer as causas e custos do despedimento.

O INE publicou hoxe os datos da EPA correspondentes ao cuarto trimestre de 2023, nos que se mostra unha nova aceleración do crecemento do emprego, que aumentou un 3,1% anual, o que se traduce en 34.400 persoas ocupadas máis respecto ao cuarto trimestre de 2022. Ademais, o paro reduciuse en 16.700 persoas en termos anuais e, para este trimestre, sitúase en 114.700 persoas desempregadas. Mentres que a temporalidade segue en valores moito mellores aos que existían antes da reforma laboral, sendo neste trimestre dun 16,2%, 8,1 puntos menos que no cuarto trimestre de 2021.

En termos xerais, 2023 foi un ano positivo para o emprego, mantendo un ritmo de crecemento do 2,3% en termos anuais de media, conseguindo bater récords de ocupación e mantendo a mellora na calidade do emprego que introduciu a reforma labo-

ral. Esta fortaleza no mercado de traballo é unha mostra máis da resiliencia que mostrou a economía española ante dificultades como o conflito bélico en Ucraína ou os que están a brotar en Oriente Próximo.

O ano 2024 debe certificar o cambio de rumbo instaurado tras a reforma laboral e consolidar un cambio no mercado laboral que persista na creación do emprego de calidade. A eses efectos, é o momento de afrontar a temporalidade no sector público, que aínda permanece en valores similares aos que existían antes da reforma laboral (31,24% fronte ao 29,14% no cuarto trimestre de 2021). Outro problema que reflicte a EPA é a elevada parcialidade involuntaria, é dicir, quen traballa a tempo parcial, pero desexan facelo a completa, que supoñen un 49,1% do total. Esta é unha das principais causas da pobreza laboral que debe afrontarse, sendo a redistribución das horas unha das mellores ferramentas para iso. Neste sentido, sería importante alcanzar as 35 horas de xornada laboral nesta lexislatura, sempre con visos de continuar ata o obxectivo exposto por UGT, unha xornada de 32 horas sen redución salarial.

Ademais, é fundamental que se acompañe o emprego de calidade

cunha protección adecuada das persoas traballadoras, para o que se deben modificar as causas e custos do despedimento, de forma que se axusten á Carta Social Europea Revisada. Así mesmo, é preciso realizar unha reforma en profundidade das Políticas Activas de Emprego que facilite a incorporación a un emprego das persoas desempregadas. É o momento de dirixir estas políticas ás persoas en paro de longa duración, que neste trimestre eran un total de 41.800 persoas desempregadas.

En resumo, a EPA do cuarto trimestre pecha 2023 cuns bos datos, fiel reflexo da fortaleza económica que mostrou España ao longo de todo o ano e completando o segundo ano tras a reforma laboral cunha notable creación de calidade de emprego e de mellor calidade. Pero, como se sinalou anteriormente, UGT-Galicia considera que hai que seguir dando pasos na mesma dirección durante este 2024, mellorando aqueles aspectos onde se seguen reflectindo debilidades ou resultados insatisfactorios. Para iso, é crucial aumentar a protección do emprego creado, reforzar o papel do sector público na redución da temporalidade, atallar a parcialidade involuntaria e promover unhas Políticas Activas de Emprego eficientes.

## **OS SINDICATOS DE VIGO RESPALDAN AO COMITÉ DE VITRASA E AMEZAN CON ESTENDER O CONFLITO SE A EMPRESA NON REACCIONA**

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, acompañado dos máximos responsables da CIG e CCOO na comarca ofreceron onte unha rolda de prensa para dar un paso ao fronte e ratificar o respaldo das tres organizacións sindicais ao Comité de Vitrasa.

Ademais, como apuntou Fontanes, se a empresa non reacciona, o conflito estenderase.

Recoñeceu o valor duns traballadores e traballadoras que levan máis de tres anos de loita e 63 días en folga indefinida, co desgaste económico e persoal que isto supón.

O convenio de Vitrasa leva caducado

dende o ano 2020 e sistematicamente a empresa négase a avanzar e pechar un novo convenio, coas consecuencias que isto acarrea, entre outras, perda constante de poder adquisitivo para o cadro de persoal de Vitrasa, a concesionaria do servizo de transporte urbano do Concello de Vigo.

O secretario xeral de UGT-Vigo tamén criticou o posicionamento do Goberno local



que, en vez de presionar á concesionaria para que de un paso cara adiante para pechar o conflito, ataque dun xeito sistemático aos traballadores. Finalmente, os tres sindicatos reivindicaron ao Comité de empresa como órgano de representación dos traballadores e traballadoras de Vitrasa.

## FICA ENTREGA O PREMIO ROGELIA MARIÑA AO COMUNICADOR DA RAG MARCIAL MOUZO

**Redacción.-** Este mércores UGT-FICA-Galicia entregou o Premio Rogelia Mariña, na súa cuarta edición, ao comunicador Marcial Mouzo pola súa traxectoria profesional ao fronte dos micrófonos da Radio Galega.

Destaca na figura deste comunicador a súa contribución ao servizo público e como ten amosado en numerosas ocasións o seu carácter solidario, como fixo tras o paso do furacán Michelle, mobilizando á audiencia durante dous meses nos que se conseguiron toneladas de axuda humanitaria para Cuba que o propio Marcial Mouzo, acompañado de oíntes, achegaron ao país caribeño.

Por todo isto, UGT-FICA decidiu que este ano o Premio Rogelia Mariña recaera na figura do comunicador da RAG Marcial Mouzo.

Ao acto de entrega do Premio acudiron o presidente honorífico deste Premio, Jesús María Calvo; José María Uría, da Fundación Anas-tasio de Gracia; a conselleira de Economía, Industria e Innovación, María Jesús Lorenzana; a subdelegada do Goberno da Coruña, María Rivas; o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; o secretario de Organización de UGT-FICA estatal, Manuel Jiménez; e o presidente do



xurado do Premio e secretario xeral de UGT-FICA-Galicia, Javier Carreiro e a propia Rogelia Mariña.

O secretario xeral de UGT-Galicia, na súa intervención fixo fincapé na gran profesionalidade de Marcial Mouzo e o seu compromiso co servizo público. Destacou que na súa traxectoria, nos seus programas, sempre primou o saber escoitar, e este é, sen dúbida, o mellor guión, por suposto para a radio, para o xornalismo en xeral pero tamén o é para os sindicalistas, para a política e para a vida.

Premiamos a un bo servidor público que soubo e sabe conectar coa sociedade galega. Un xornalista que

é moi escoitado, pero o seu principal mérito é ser un xornalista no que os seus oíntes confían e cren.

E nos tempos que corren, marcados por moito lixo mediático, lixo nas redes, ategadas de bulos, son de valorar as persoas que te acompañan no día a día, que te escoitan e que te axudan.

Fixo un chamamento ao preocupante estado no que se atopa a liberdade de prensa no mundo. Os medios de comunicación non deberían ser un negocio máis, porque, máis aló da súa dimensión económica, teñen que servir para contribuír a enriquecer a educación, o desenvolvemento cultural e a inclusión, concluíu.

## NOVA XORNADA DE FOLGA NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UNHAS CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

**Redacción.-** Amplo seguimento no paro de dúas horas, entre as 10 e as 12 horas, convocado, para este mércores, día 24, na sanidade privada da provincia da Coruña.

Lembrar que UGT, xunto con CCOO e CIG, veñen convocando xornadas de folga e mobilizacións xa dende o ano pasado e, de feito, o pasado día 12 tivo lugar unha manifestación en Santiago e o vindeiro día 7 de febreiro hai convocada desta vez unha xornada completa de folga.

Dende UGT Servizos Públicos denúnciase o bloqueo do convenio por parte da patronal, o que está a afectar a máis de 4.000 persoas na provincia da Coruña. Pese a que o

sector xa conta cun convenio á baixa, a patronal aínda pretende recortar máis, presentando unha oferta económica ridícula e recortar dereitos como as contías dos trienios ou o cobro do 100 por cento no caso de baixas.

Os sindicatos non van renunciar a estes dereitos e reclaman outros como cobrar polo traballo os domingos.

O último movemento da patronal foi suspender as negociacións alegando un posible incremento do SMI



ou unha posible modificación legislativa da xornada máxima legal pero os traballadores e traballadoras do sector consideran que son excusas e demandan seguir negociando unhas condicións laborais dignas e poñer fin ao recorte de dereitos.

## UGT GAÑA CON ROTUNDIDADE E DESTAPA AS MEDIAS VERDADES EN GADIS E ARENAL

**Redacción.-** UGT consegue un resultado incontestable nas eleccións sindicais de GADIS en O Ceao, obtendo 4 das 5 persoas delegadas que se escollían.

As persoas traballadoras do hipermercado GADIS de O Ceao en Lugo seguen elixindo UGT e deterioran, incluso lapidan, o discurso de triunfalismo da forza sindical nacionalista galega quen tira de exclusividade na defensa dos dereitos da clase traballadora. Nin é exclusivo nin é verdade. Soa como as campañas daqueles que queren apropiarse da bandeira de España. Síntoo, pero a loita obreira é de todas aquelas organizacións e persoas que cren nela e loitan. UGT, por historia e logros, xamais quedará atrás.

Conseguir 4 delegados dos 5 que se elixiron onte mércores no Hiper Gadis de O Ceao en Lugo é unha clara mostra de que as persoas ao fronte das candidaturas de UGT e a propia organización están a traballar en favor de conseguir melloras e mantemento de dereitos dentro dun clima de negociación colectiva. Sen negar o conflito se é necesario pero sen buscalo custe o que custe como unha inxección de subsistencia sindical. UGT non ten esta adicción nin necesidade.

É necesario lembrar que uns días antes de terminar o ano 2023, concretamente o día 22, salta unha noticia encomiando a un sindicato nacionalista galego por ser un sindicato que agrupa unha maioría esmagadora de

votos en dúas empresas importantes na provincia de Lugo como son Gadis e Perfumería Arenal.

A realidade é a que é. Efectivamente, neses procesos conseguiron un bo número de votos pero deixábase de lado o cómputo dos votos dos colexios de técnicos e administrativos.

O reflexo deses votos obtidos por UGT faría que a noticia xa non fóra tan abertamente partidista. O fondo da noticia lanza un desprezo cara a eses colexios que agrupan a unha cantidade importante de persoas traballadoras do departamento de administración. Ben parece que esas persoas traballadoras non teñen problemas que necesiten resolución ou mesmo que viven de forma privilexiada. Ben o parece porque os seus votos non contan e son, como mínimo, igual de válidos que os das persoas traballadoras doutros colexios electorais. O feito de que non votasen ao sindicato encomiado na noticia non significa que non conten. A Lei distribúe as eleccións sindicais por colexios porque é necesario que, naquelas empresas que polo volume de persoas traballadoras a lei así o determine, poidanse facer valer os problemas de diferentes grupos de persoas traballadoras que, por motivos de produción ou organización puidesen quedar desamparados se un comité de empresa fose conxunto.

UGT aínda e agrupa aos dous colexios electorais e representa aos dous colexios electorais tanto en Gadis

como en Arenal, podendo poñer encima da mesa a problemática de cada grupo e facer presión para que se resolvan os problemas de todas as persoas traballadoras, sen distinción e sen facer divisións que conlevan ao enfrontamento. UGT non vive diso.

O feito de que UGT represente aos dous colexios é un privilexio e demostra que non deixamos a ninguén atrás.

Ao máis puro estilo do Gran Wyoming coa súa recoñecida frase "xa coñecen as noticias, agora contarémolles a verdade", podemos purificar a noticia dicindo que en GADIS, UGT ten 5 das 5 persoas representantes no Hiper Gadis de Monforte de Lemos e que no de Viveiro é a forza sindical máis votada por diante de CIG e CCOO. Hai agora que engadir o magnífico resultado de 4 de 5 no Hiper Gadis de O Ceao en Lugo. Se sumamos esta representación e facemos reconto, despois dos catro procesos electorais celebrados, UGT 18 - CIG 17.

A esmagadora vitoria xa non é noticia. De feito, xa non é nin noticia nin esmagadora. As contas nunca poden ser partidistas en aras de beneficiar a ninguén. As noticias nesgadas alentan a crispación e non axudan á información.

Grazas a todas aquelas persoas que confían en UGT. Levamos máis de 125 anos achegando solucións e conseguindo melloras para a clase obreira desta comunidade autónoma e deste país.

## UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN O DÍA 4 NA MANIFESTACIÓN QUE SOS SANIDADE PÚBLICA CONVOCA EN SANTIAGO

**"Pola sanidade que queremos e merecemos"**

**Redacción.-** UGT-Galicia chama á cidadanía a participar o vindeiro día 4 de febreiro na manifestación que SOS Sanidade Pública convoca en defensa da sanidade pública galega e para denunciar o seu deterioro.

**Sairá o día 4 ás 12.00 horas da Alameda compostelana**

Esta manifestación, que está convocada baixo o lema "Pola sanidade que queremos e merecemos", sairá ás 12.00 horas da Alameda de Santiago de Compostela.



MANIFESTACIÓN

SOS sanidade pública

pola sanidade que queremos e merecemos !!

domingo, 4 de febreiro de 2024  
ás 12:00, desde a Alameda  
Santiago de Compostela



## UGT SOLICITA UNHA REUNIÓN URXENTE CON EDUCACIÓN PARA ACLARAR O VETO NOS ORZAMENTOS DO PAGAMENTO DELEGADO NA CONCERTADA

**Redacción.-** UGT Servizos Públicos, xunto con CCOO, USO e SNEP veñen de rexistrar unha petición para unha reunión coa Consellería de Educación ante a preocupante situación dos traballadores e traballadoras en pagamento delegado do ensino concertado en Galicia. Esta petición xorde trala publicación da Lei de Orzamentos de 2024, que continúa vetando o aboamento de complementos retributivos e a paga de antigüidade, afectando a máis de 7000 docentes.

Os sindicatos subliñan que, a pesar de que xa LOE, LOMCE e LOMLOE estableceron a equiparación salarial entre o persoal docente do ensino concertado e do ensino público, estas non se están cumprindo. Esixen, polo tanto, a apertura de canles de diálogo e debate, así como a derogación de certas disposicións legais que impiden melloras salariais. Concretamente, a prohibición de aboamento da paga extraordinaria de antigüidade e de categorías funcionais como a xefatura de departamento, tutoría, coordinación dos equipos de nor-

malización de lingua galega e a prohibición do aboamento de 45 euros brutos mensuais e incremento do 2% interanual no complemento retributivo da Comunidade Autónoma.

Outro punto de preocupación é a situación da xubilación parcial no ensino concertado en Galicia, unha medida laboral esencial que, malia as promesas previas, aínda non se implementou. Aproxímanse unhas eleccións, o que xera inseguridade entre o persoal que agardaba a introdución desta medida.

Finalmente, alertan sobre o impacto negativo da mala xestión dos aumentos de ranteos, derivados de antigos acordos de mantemento de emprego, que afecta gravemente aos traballadores e traballadoras, que sufrirán as consecuencias en forma de despedimentos. Desta situación



responsabilízase aos centros educativos e ás patronais, así como á falta de acción da Administración.

Neste contexto, UGT-SP, CCOO, USO e SNEP, como sindicatos con representación no ensino privado de Galicia, instan a unha xuntanza coa Consellería para tratar estes temas críticos, co obxectivo de establecer un itinerario de diálogo e negociación que permita mellorar as condicións laborais e sociais do sector.

## A DIXITALIZACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL A NIVEL EUROPEO É URXENTE PARA ACABAR COA EXPLOTACIÓN LABORAL

**Redacción.-** A dixitalización da coordinación da Seguridade Social non é un fin en si mesmo, senón un instrumento. O verdadeiro obxectivo é garantir a libre circulación de persoas traballadoras no seo da Unión Europea

Isto supón para os estados afrontar un problema que obstaculiza o exercicio dun dereito fundamental: como conservar os dereitos de Seguridade Social adquiridos ou en curso de adquisición no país de residencia polas persoas que se desprazan, para traballar, a outro país da Unión. Para facilitar a libre circulación no mercado, UGT considera imprescindible a reforma do Regulamento 883/2004 como paso previo, xa que, pola contra, só conseguiremos meramente un cambio do formato papel polo formato electrónico. Por iso, o sindicato insta á Comisión a que emprenda de inmediato dita reforma.

Este proceso, sendo esencial, dura xa máis dunha década e a cooperación administrativa necesaria non está a ser tan áxil como cabería esperar. A proba é que, no seu Plan de Acción 2021, a Comisión Europea marcou en 2023 o lanzamento dunha solución dixital e agora nesta última comunicación, atrasou a data de finalización do proxecto piloto ata

2025 e aínda non anunciou se iso dará lugar a lexislación algunha, polo que UGT pide a elaboración en paralelo da lexislación necesaria para o éxito do proceso, a fin de que sexa operativa e entre en vigor canto antes. O sindicato confía en que é posible maior axilidade. As solucións dixitais para unha mobilidade xusta están ao alcance da man. En 2021, en menos de seis meses, foi posible desenvolver e despregar desde a Comisión Europea o Certificado Dixital COVID da UE en todo o continente. Necesitamos un proceso similar para acabar coa explotación das persoas traballadoras no conxunto da Unión.

Neste sentido, UGT propón á Comisión que explore a identificación a través dos actuais certificados nacionais, pois lles resultará máis rápido e sinxelo ás persoas utilizar o seu certificado electrónico para conectarse coa administración. Os estados membro deberían dispoñer dunha única ligazón para que os interesados conéctense coa súa identidade dixital nacional, unha solución máis áxil e rápida que a actual proposta da Comisión Europea da plataforma ESPASS.

Ademais, o sindicato reclama, para maior axilización do proceso, o inter-

cambio permanente de boas prácticas, suxerimos que a Comisión Europea e a Autoridade Laboral Europea organicen unha conferencia na que participen os distintos gobernos comunitarios, o CESE e os interlocutores sociais e outras organizacións da sociedade civil a nivel europeo.

Igualmente, UGT pon especial énfase na absoluta necesidade de actuar e eliminar a fenda dixital e a exclusión dixital. Desta forma, o sindicato reclama que, en tanto se soluciona esta brecha, hai que garantir os dereitos de acceso á Seguridade Social de todas as persoas cubertas polo sistema.

Finalmente, é imprescindible abordar a maneira en que deben prepararse as administracións públicas dos distintos estados membros para a aplicación. Por iso, UGT demanda que se elabore inmediatamente un plan de acción viable e que se establezan as previsións necesarias para que todos os servizos de Seguridade Social europeos sexan accesibles en liña e en todos os idiomas, garantindo seguridade xurídica con información actualizada. Hai que facilitar o acceso á información e simplificar os procedementos.

## UGT REIVINDICA OS PLANS DE IGUALDADE COMO UN INSTRUMENTO CLAVE PARA A IGUALDADE E A XUSTIZA SOCIAL

**Desde a Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras manifestamos o noso rexeitamento absoluto e oposición á “Proposición de Lei Orgánica para a protección dos dereitos constitucionais dos traballadores”, presentada por parte do Grupo Parlamentario Vox**

**Redacción.-** Entre as medidas contempladas na proposición de Lei Orgánica prevese, entre outras, a eliminación dos plans de igualdade e a derogación da súa obrigatoriedade e regulación establecidas tanto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, como no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

A L.Ou. 3/2007 parte da necesidade de evitar que a desigualdade se perpetúe e de facer efectivo o dereito á igualdade reconecido na Constitución Española de 1978. Mediante a aprobación desta Lei incorpórase ao ordenamento español dúas directivas europeas en materia de igualdade de trato, a Directiva 2002/73/CE, de reforma da Directiva 76/207/CEE, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo;

e a Directiva 2004/113/CE sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e a súa subministración.

O ámbito das relacións laborais resulta decisivo para alcanzar a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Esta igualdade é un dereito básico das persoas traballadoras. Nese sentido, a L.Ou. 3/2007 pretende promover a adopción de medidas concretas en favor da igualdade nas empresas, situándoas no marco da negociación colectiva, para que sexan as partes, libre e responsablemente, as que acorden o seu contido.

Tal e como recolle a constitución no artigo 9: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivos; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

A figura dos plans de igualdade e a súa obrigatoriedade para empresas de cincuenta ou máis persoas traballadoras configúrase como o instrumento idóneo para a detección de situacións de desigualdade fáctica non correxibles pola soa formulación do principio de igualdade xurídica ou formal. Este diagnóstico facilita, no seo das empresas e mediante a negociación colectiva, establecer medidas específicas co obxectivo de corrixir e eliminar ditas desigualdades.

Os plans de igualdade constitúen ademais unha ferramenta sindical clave para loitar contra a precarización das relacións laborais e o empobrecemento das mulleres favorecendo, deste xeito, a repartición xusta da riqueza na nosa sociedade.

Por tanto, desde UGT consideramos un lamentable erro expor a eliminación dos plans de igualdade, supoñendo un serio retroceso no avance democrático e na garantía de dereitos para as persoas traballadoras.

## UGT RECLAMA UNHA MESA DE DIÁLOGO SOCIAL ESPECÍFICA EN MATERIA DE DISCAPACIDADE

**O sindicato presenta unha guía para a Inclusión Laboral das Persoas con Discapacidade nas empresas**

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais e Vivenda de UGT, Ana Isabel Gracia, presentou en rolda de prensa xunto á responsable de Dereitos de Sociais do sindicato, Gemma Ramón, a ‘Guía de Inclusión Laboral das Persoas con Discapacidade nas empresas’ co obxectivo de erradicar unha discriminación persistente e alcanzar unha inclusión laboral que segue lonxe.

Ana Isabel Gracia subliñou que “a inclusión laboral é un elemento clave para o desenvolvemento persoal e a participación social e un obxectivo que non é só sindical senón que xustiza social, esencial para avanzar cara a unha sociedade cada vez máis igualitaria e máis inclusiva, pero a realidade mostra unha contorna na que as persoas con discapacidade continúan tendo dificultades para acceder e permanecer no mercado laboral”.

“Os datos de emprego que en 2022 situaban a taxa de emprego das persoas con discapacidade no 27,8% e a taxa de paro no 21,4% ao que se une unha alarmante taxa de inactividade do 64,7%, unhas porcentaxes

que difiren moito das cifras das persoas sen discapacidade establecidas no 68%, o 12% e o 22%”, sinalou.

“En canto aos datos de contratación, indican que en 2022 formalizáronse 314.948 contratos para persoas con discapacidade, o que supón tan só o 1,72% do total dos contratos rexistrados. Ademais, a pesar da reforma laboral, tan só un de cada tres contratos das persoas con discapacidade son indefinidos, unha precariedade que incide tanto nos salarios como nas cotizacións e implica unha repercusión negativa no cálculo de prestacións sociais como as pensións”, engadiu.

Ana Isabel Gracia explicou que “desde UGT promovemos a igualdade integral das persoas con discapacidade e a nosa acción sindical nos centros de traballo vai orientada a eliminar as dificultades que poidan xurdir á hora de acceder ao emprego e no desenvolvemento da actividade laboral, nas mesmas condicións que o resto de traballadoras e traballadores, e con este obxectivo, elaboramos



esta guía na que se definen medidas de boas prácticas a ter en conta na negociación colectiva”.

“O emprego das persoas con discapacidade é unha das prioridades do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2023-2025 no que se inclúen medidas específicas para actuar sobre os obstáculos que impiden a súa inclusión laboral, promovendo o emprego ordinario e o acceso á contratación; xunto co cumprimento da normativa na contratación, unha intensificación na actuación da inspección de traballo, e debendo prestar especial atención á discapacidade sobrevenida”, lembrou.